

ORDENANZA FISCAL Nº 9

REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓN S OU RECREO, SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXES CINEMATOGRAFICAS

Artigo 1º.- Fundamento Legal

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 Reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Val do Dubra establece a taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público e industrias na rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficas que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Base imponible

Constitúe a base imponible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local que beneficia de modo particular aos suxeitos pasivos e que é producido pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público e industrias na rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficas.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria a favor dos cales se outorguen as licenzas, ou os que se beneficien do aproveitamento, se é que se vai proceder sen a autorización correspondente.

Artigo 4º.- Responsables

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren a cometela.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas ou liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.

4. Os administradores de persoas xurídicas que non van realizar os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometera unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometera unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) No suposto de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cesamento.

5. A responsabilidade esixirase en todo caso en termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

6. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve parella a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que dea lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos traballos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danos.

7. O interesado que pretenda adquirir a titularidade de actividade económica, previa conformidade do titular actual, poderá solicitar do Concello certificado das débedas por taxas dimanantes do exercicio da explotación.

Caso que a certificación se expida con resultado negativo, o solicitante non terá responsabilidade polas débedas existentes na data de adquisición da explotación económica.

Artigo 5º.- Beneficios fiscais

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais non estarán obrigadas ao pagamento da taxa cando soliciten licenza para proceder aos aproveitamentos especiais referidos no artigo 1 desta ordenanza, necesarios para os servizos públicos de comunicación que exploten directamente e por outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

2. Non se aplicará bonificación nin redución para a determinación da débeda.

Artigo 6º.- Cota tributaria

1. A cota a satisfacer por esta taxa obtense da aplicación das tarifas correspondentes aos apartados seguintes:

a) Licenzas pola ocupación de terreos destinados a tómbolas, rifas, vendas rápidas e similares. Por m² ou fracción 0,2146 euros diarios.

b) Licenzas pola ocupación de terreos dedicados a carriolas, columpios, aparellos xiradores, cabaliños, xogos de cabaliños, coches de choque, e en xeral calquera clase de aparellos de movemento. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.

- c) Licenzas pola ocupación de terreos destinados a teatros, circos e en xeral, calquera clase de espectáculos. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.
- d) Licenzas pola ocupación de terreos destinados á instalación de restaurantes, bares, polbeiras, bodegóns e similares. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.
- e) Licenzas pola ocupación de terreos con camións ou vehículos para a venda de bocadillos, hamburguesas, chocolates, refrescos, bebidas, etc. (A superficie computable será a que realmente ocupe o vehículo, máis unha franxa de terreo de 1 m de anchura, paralela ao fronte da liña exterior ao mostrador ou instalación que se utilice para o uso ou servizo do público. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.
- f) Licenzas pola ocupación de terreos destinados á instalación de chocolaterías, masa frita, patacas fritas, xeados e algodón en doce. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.
- g) Licenzas pola ocupación de terreos destinados á instalación de postos para a venda de turróns, roscas, doces, froitos secos, froitas e hortalizas, queixos, ovos, patacas e calquera outros produtos comestibles. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.
- h) Licenzas pola ocupación de terreos destinados á instalación de postos para a venda de xoguetes, cerámicas, quincalla e calquera outros produtos ou artigos non comestibles. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.
- i) Fotógrafos, debuxantes e caricaturistas. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios. Os artefactos que se utilicen como complemento das súas actividades. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.
- j) Licenzas para a venda ambulante, ao brazo, de globos, bastóns, barquillos e calquera outra clase de artigos. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios. Os vendedores a que se refire este epígrafe non poderán utilizar carros, carriños, vehículos, mesas nin ningún outro artefacto apoiado no chan.
- k) Licenzas para a ocupación de terreos destinados a taquillas para a venda de entradas ás instalacións de aparellos, espectáculos, teatros, circos, etc., sempre que estean colocados fóra da superficie subastada ou adxudicada. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.
- l) Licenzas para a instalación de aparellos automáticos accionados por moedas, para entretemento, recreo ou venda. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.
- ll) Licenzas para a ocupación de terreos con postos para a venda de libros, revistas, etc. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.
- m) Licenzas para a ocupación da vía pública ou terreos de uso público para a rodaxe de películas. Por cada m² ou fracción 0,2146 euros diarios.

O Concello poderá establecer, para determinada tempada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, cinematógrafos, circos ou outros espectáculos e adxudicar os ditos terreos mediante licitación, conforme ás vixentes normas de contratación municipal.

As adjudicacións faranse por tempada concreta, con expresión de data a data e se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ao prezo ao que fose adjudicado.

Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adjudicación mediante poxa, enténdese pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non cabo, polo que non poderá concederse ningunha bonificación por causa de choivas, restricións na subministración de enerxía eléctrica ou calquera outra de forza maior.

As instalacións deberanse montar e desmontar no prazo máximo de 5 días, antes e despois, respectivamente, do tempo polo que se faga a adjudicación ou se conceda a licenza, devengándose, noutro caso, os dereitos correspondentes por cada día de exceso.

2. Normas de xestión.

Os emprazamentos, instalacións, postos, etc., poderán sacarse a licitación pública e o tipo de licitación que servirá de base, será a contía fixada na tarifa desta ordenanza.

Procederáse, con antelación á poxa, á formación dun plano de terreos dispoñibles para ser poxados, numerando as parcelas que sexan obxecto de licitación e sinalando a súa superficie. Así mesmo indicaranse as parcelas que poidan dedicarse a coches de choque, circos, teatros, bares, restaurantes, polbeiras, quincallerías, etc.

Se algún concesionario dos aproveitamentos utilizase maior superficie que a que lles foi adjudicada en poxa ou autorizada na licenza, satisfará o importe total do aproveitamento utilizado.

Artigo 7º.- Devengo

1. A taxa acreditarase cando se inicie o aproveitamento especial, momento a cuxo efecto se entende que coincide coa concesión da licenza, se esta foi solicitada.

2. Sen prexuízo do punto anterior, será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para proceder ás instalacións das cales deriven os aproveitamentos especiais regulados nesta ordenanza.

3. Cando se producise o aproveitamento especial sen solicitar licenza, a acreditación da taxa ten lugar no momento de inicio daquel aproveitamento.

Artigo 8º.- Período impositivo

1. Cando a instalación e ocupación das vías públicas mediante os elementos referidos no artigo 1º vaia durar menos dun ano, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na licenza municipal.

2. Cando a duración temporal da instalación se estenda a varios exercicios, a acreditación da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá

o ano natural, agás no suposto de inicio ou cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial, no que se aplicará o previsto nos apartados seguintes:

3. Se non se autoriza a instalación solicitada, ou por causas non imputables ao suxeito pasivo non se poida realizar os aproveitamentos especiais, procederá a devolución da taxa satisfeita.

Artigo 9º.- Réxime de declaración e ingreso

As contías esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán aplicables polos períodos naturais de tempo sinalados nos epígrafes respectivos.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza terán que solicitar previamente a licenza correspondente, e formular unha declaración onde se faga constar a superficie do aproveitamento. Acompañarase un plano detallado da superficie que se pretenda ocupar e da súa situación no municipio.

Os servizos técnicos municipais comprobarán as declaracións que formularon os interesados, e as autorizacións concederanse se non se atopan diferenzas coas peticións de licenzas, se non as houbera, esta notificaranse aos interesados e xiraranse, se é o caso, as liquidacións complementarias que procedan.

No caso que as autorizacións se deneguen, os interesados poderán solicitar a devolución do importe ingresado.

Os ingresos da cota liquidada poderá facerse en calquera das entidades colaboradoras mediante o recibo que se expedirá polos servizos municipais competentes.

Artigo 10º.- Notificacións das taxas

1. No suposto de aproveitamentos especiais continuados que se estendan a varios exercicios, a primeira liquidación terá carácter periódico, notificarase persoalmente ao solicitante xunto coa alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no tabión de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

2. Ao amparo do previsto na Disposición Transitoria Segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico reguladas naquela ordenanza que son consecuencia da transformación dos anteriores prezos públicos non están suxeitos ao requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado ao pagamento do prezo público ao que substitúa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal derroga a Ordenanza Fiscal Nº 9, reguladora do prezo público por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público e industrias na rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficas, aprobada polo

Pleno de data 20 de decembro de 2007. Entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2008, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.